



A AMBICIÓN

Naiara Aguiar Lorenzo

Sei que non podo máis. Tamén sei que isto xa debería ter rematado, pero cando cres que ti es indestrutible: **BUMM**, derrúbaste coma unha folla de papel ao levantala. E o que che axuda a comprender que non é o que ti precisas. Boas, chamome Shailine Wormuth. Os meus amigos chamanme Shail. Son unha rapaza de 13 anos. E non son do máis normal. A ver, o non normal de min son as miñas relacións sociais, desde pequena sufrín bullying. Búrlanse de min pero isto non é a típica historia que pensades, senón que é a historia de Shailine Wormuth.

Todo isto empezou por un pequeno picorciño que non se puido tratar, porque ninguén quixo atendelo, pero aquel pequeno picorciño fíxose máis grande e máis grande ata que foi insoportable.

Hoxe é xoves. Por suposto que non quero ir ó colexio, pero non porque non me guste, senón porque alí me esperan con insultos Gabriela Wilde e Dianna Agron. Son as nenas máis vaidosas do insti e calquera persoa que se cruce no seu camiño non acaba ben. Aínda agora non sei porque se viñeron contra min. Pero eu pretendo conseguir por min mesma a pequena liberdade que merezo.

O próximo luns vai haber unha obra de teatro no noso instituto, eu quero o papel protagonista. A personaxe chamase Milie Sparks. Ela é unha persoa valente e cariñosa que non se detén facilmente e gústame. Hoxe fanse as probas e voume presentar.

Cando acabaron as clases fomos facer as probas e alí estaba Gabriela Wilde, competindo polo papel protagonistas, a min paréceme moi mala. Esforceime moitísimo, saíume moi ben e deixáronme na lista de PODE'. A Gabriela non lle saíra tan ben coma a min, fun desmaquearme ao baño e alí estaba Gabriela acompañada de Pedro Guiles e Dianna Agron. Ameazáronme con darme unha paliza se me collían para a obra.

A pesar das ameazas de Gabriela continuei no casting e elixíronme como protagonista e a Gabriela como a miña suplente. Ese mesmo día volví á casa con dous moratóns e o nariz sangrando.

Fun directa á miña habitación, senteime no chan, fechei a porta e comecei a chorar. Parecíame super inxusto non poder facer a obra. Despois de dous segundos deixei de chorar, as bágoas corríanme pola cara pero nada ía determe. Son SHAILINE WORMUTH , SHAILINE WORMUTH.

Ao día seguinte presenteime a os ensaios e, por todas a palizas que me deran, según adiante. Non permitín que me humillasen, non botei nin unha soa bágoa a pesar de todo o que recibín.

O día da obra , representeina, todo o mundo me veu e aproveitei para dar un discurso e dixen:

Por favor, todos os nenos e nenas que estades escoitando, se alguén te fai sufrir bullying, non deixes que abusen de ti, non podes deixar que te humillen. Aínda que non teña probas eu no meu interior coñezo a verdade de Gabriela. Ela fíxome pasar un mal momento, humilloume, pegoume... O que Gabriela me fixo fundíume, non podo crer que me deixase avergoñar. Os meus defectos fanme única e non hai que xulgar a ninguén por eles. Por favor, de verdade , só vos pido que, por min. polo que eu tiven que sufrir, vós non paseades por iso.

Non me custou preparar este discursaco porque me saíu do corazón, porque foi coma toda esta historia, ao principio difícil pero logo saía todo como se estivese gravado. Eu as veces entérrome tanto que me custa subir á superficie, tanto que por segundos faime pensar que non podo e resulta que si.

Se ti es unha desas persoas que fan bullying para xa, por favor, non pode ser que teñas que estar mirando cara baixo porque outra persoa te intimide; tampouco vingarte, iso sería como poñerte a súa altura. Non, para xa, ponte no seu lugar, fala, reacciona, pero nunca nunca intimides a outros. Non o fagas por ambición ninn nunca o deixes pasar.

Fin

